

Venres, 14 de setembro de 2018

Núm. 178

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **VIGO**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E DA ADAPTACIÓN DAS ORDENANZAS DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO PARA O 2019*

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, celebrado en sesión do 5 de setembro de 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de aprobación provisional:

- 1) Modificación para o exercicio 2019 da Ordenanza Fiscal Xeral (1). Expte. 2488/500
- 2) Modificación para o exercicio 2019 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobbles. (2). Expte: 2489/500.
- 3) Modificación para o exercicio 2019 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3). Expte: 2490/500.
- 4) Modificación para o exercicio 2019 da Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. (30). Expte: 2491/500
- 5) Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das taxas polos servizos de Subministración de auga potable, Rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais á nova redacción do art. 20 do TRLRFL segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público. (60). Expte: 2436/500
- 6) Adaptación do texto da Ordenanza Fiscal das Taxas polos servizos de Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos á nova redacción do art. 20 do TRLRFL segundo o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público. (15). Expte. 2437/500.

Os expedientes atópanse na Oficina de Información deste Concello para información pública e audiencia ás persoas interesadas durante o prazo de 30 días hábiles, para que poidan presentar no seu caso, as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co artigo 17.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 49 e 106.2 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local.

Vigo, setembro 2018

O concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

